



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA

De acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, poño no seu coñecemento que o Sr. Alcalde con esta data ditou o seguinte Decreto:

DECRETO Convocatoria sesión Pleno.

De acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e acordo do Pleno da Corporación, no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.c) da Lei 7/1985 do 2 de abril en relación co artigo 61.1.c) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, RESOLVO:

1º.-Convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación a realizar o próximo día 29 de marzo de 2017 ás 19:30 horas no salón de sesións da Casa do Concello.

2º.-Notifíquese a presente convocatoria a tódolos membros da corporación.

3º.-A orde do día constará dos seguintes asuntos:

Parte resolutiva.

1.- Aprobación se procede de acta de sesión anterior.

2.- Órganos colexiados complementarios e asistencias percibidas. Proposta concelleiro de PDDdG.

3.- Medidas ante a fin da bonificación do IBI a Autoestradas. Proposta concelleiro BNG.

4.- Día Internacional da muller traballadora. Proposta concelleiro de PDDdG.

5.- Ratificación resolucións Alcaldía.

a) Solicitud subvención mellora infraestrutura parques empresariais concellos de Cabanas-Fene: Mellora infraestruturas viarias no Polígono de Vilar do Colo.

b) Solicitud subvención mellora infraestrutura parques empresariais concellos de Cabanas-Fene: Mellora eficiencia enerxética no alumado público do Polígono de Vilar do Colo.

c) Solicitud Consellería Política Social cofinanciamento servizos sociais comunitarios.

d) Solicitud Deputación Provincial programa financiamento servizos sociais comunitarios.

Parte de control órganos da Corporación.

6.- Informes da Presidencia.

a) Resolucións da Alcaldía.

7. Rogos e preguntas.

A partir desta data a documentación dos asuntos incluídos na orde do día está a súa disposición na Secretaría do Concello.

O que traslado a Vde. en cumprimento do ordenado da devandita Resolución, indicándolle que de acordo co establecido no artigo 90.2 do mencionado Regulamento, de non existir o quórum necesario esixido no artigo 90.1, entenderase convocada a sesión en segunda convocatoria a realizar a mesma hora dous días despois da sinalada para a primeira.

Cabanas, 24 de marzo de 2017.

O Secretario

Asdo. Antonio López Vila.

Sras/es. Concelleiras/os da Corporación de Cabanas.